

O mar non é un vertedoiro

Ano: 2019

O lixo mariño está afogando aos océanos e calcúlase que cada ano entran nos mares entre 6,4 e 8 millóns de toneladas de residuos, das cales un 80% teñen a súa orixe na terra. O 20% restante corresponde a actividades pesqueiras tales como perda de aparellos.

O plástico é o material que lidera en maior medida este fenómeno. Tanto é así que, a día de hoxe, foron identificadas 5 illas de plásticos: 2 no Atlántico, 2 no Pacífico e 1 no Índico, ocupando en total 16 millóns de quilómetros cadrados ou, o que é o mesmo, 31 veces a superficie de España.

Os expertos veñen advertíndoo desde fai tempo: de continuar co insostible patrón de produción e consumo, no ano 2050 haberá máis plásticos que peixes no mar.

Cando os residuos entran no océano inician unha longa viaxe facilitada polas correntes oceánicas e os ventos mariños e, ademais, non o fan sos. Durante o traxecto transportan organismos dun lugar a outro que, en moitas ocasións, convértense en invasores. Tamén poden fragmentarse e degradarse pola acción biolóxica, física e química, dando lugar aos coñecidos “microplásticos” (con tamaño menor a 5mm).

No pdf que podes descargar a continuación proporcionámosche unha visión xenérica desta problemática e as solucións nas que se está traballando.

Source URL: <http://www.sogama.gal/gl/campanha/o-mar-non-%C3%A9-un-vertedoiro>